

Aprobación definitiva da modificación da Relación de postos de traballo, en relación á creación do posto denominado xefe da Sección de Arquivo e Publicacións.

A Corporación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2013, aprobou inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo, relativa a integrar nunha única sección os negociados de Publicacións e Arquivo, pertencentes á Área de Administración Xeral, que foi sometida a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio inserido no BOP nº 73, do 30 de marzo de 2013, sen que se formularan alegacións ou reclamacións, polo que se entende elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado.

Polo exposto, e de conformidade co acordo mencionado, publícase a continuación o texto íntegro da dita modificación:

a.- Na Área de Administración Xeral, os negociados de Publicacións e Arquivo pasarán a integrar unha única sección, baixo a dependencia común dun xefe de sección.

b.- Créase un posto denominado Xefe da Sección de Arquivo e Publicacións, coa seguinte configuración:

Funcionario. Escala de administración especial, subescala de servizos especiais. Clase: prazas de cometidos especiais. Categoría profesional: técnico superior en administración cultural. Grupo A1, nivel 28, posto singularizado. Forma de provisión: concurso específico.

A este posto corresponderanlle as funcións de dirección e coordinación da sección, asumindo directamente as funcións de xefatura do Negociado de Arquivo.

c.- Suprímese o posto de xefe do Negociado de Arquivo e amortízase a praza correspondente.

Publícase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación desta modificación se poderá interponer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao desta publicación. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interponer os recursos ou accións legais que estimen oportunas.

Ourense, 18 de abril de 2013. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.